



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)  
C.I.F.: P1501400D

Telefonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
[cabana@concello-cabana.es](mailto:cabana@concello-cabana.es)

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O 12 DE MAIO DE 2022

### ASISTENTES

**Sr. Alcalde:** JOSE MUIÑO DOMINGUEZ

**Sres. Concelleiros:** CARLOS ALLO CUNDINS (PP)  
MARÍA ESMERALDA GERPE RODRÍGUEZ(PP)  
SHEILA RE CAREY VARELA(PP)  
BORJA ANDRADE MONTES (PP)  
SANDRA MÉNDEZ BLANCO (PP)  
BEGOÑA TORRADO LEMA (PP)  
JUAN RAMÓN VARELA MARTÍNEZ (*GRUPO MIXTO-PSDEG-PSOE*)  
DAVID CANCELA GARCÍA (GRUPO MIXTO BNG)  
PERFECTO VÁZQUEZ LEMA (GRUPO MIXTO UxC)

**AUSENTES:** SONIA SANDE LISTA

**SECRETARIA:** MARTA VÁZQUEZ GAREA

**INTERVENTORA:** PATRICIA CHAS FILGUEIRAS

No salón de Plenos do concello de Cabana de Bergantiños, sendo as 20:00 horas do **12 de maio de 2022** reúnese en sesión extraordinaria o Pleno da Corporación, baixo a Presidencia do alcalde, José Muíño Domínguez, membro do Grupo do PP e con asistencia dos concelleiros arriba indicados, para tratar dos asuntos que configuran a orde do día da presente sesión.

Dá fe do acto a Secretaria desta Corporación, Marta Vázquez Garea. Está tamén presente a interventora municipal, Patricia Chas Filgueiras.

Aberta a sesión pola Presidencia, a secretaria comproba a existencia do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada.

A continuación, procédese a coñecer dos seguintes asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

## 1.- APROBACIÓN ORZAMENTO DO ANO 2022 (2022/X999/000257)

Alcalde le propoſta.

“Examinado o expediente tramitado para a aprobación do Orzamento desta Corporación para o exercicio de 2022, formado pola Alcaldía, que contén os documentos que preceptúan os artigos 164, 165 e 166 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locasi, e concordantes do R.D. 500/1990, do 20 de abril, así como o cadro de persoal desta Corporación, que segundo os artigos 90.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril e 126.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, establecen que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, e que se aprobará anualmente con ocasión da aprobación do Orzamento.

Vistos os informes emitidos pola Intervención e Secretaría da Corporación, esta Alcaldía propón ao Pleno que adopte o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o límite de gasto non financeiro para o Orzamento do Concello de Cabana de Bergantiños para o exercicio 2022 por importe de 3.660.790,10 €

**SEGUNDO.-** Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal do Concello de Cabana de Bergantiños para o exercicio 2022 que aparece nivelado na contía de 3.699.000,00 €, cos estados de gastos e ingresos, así coma toda a documentación e anexos a él incorporados, asignándose a cada un dos capítulos as cantidades que figuran en anexo.

**TERCEIRO.-** Aprobar o cadro de persoal para o exercicio 2022:

| <b>POSTOS DE TRABAJO RESERVADOS A FUNCIONARIOS DE CARREIRA.</b> |               |              |                  |                  |                  |                 |
|---|---------------|--------------|------------------|------------------|------------------|-----------------|
| <b>1.-ESCALA DE HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL:</b>          |               |              |                  |                  |                  |                 |
| <b>DENOMINACIÓN</b>   | <b>PRAZAS</b> | <b>GRUPO</b> | <b>SUBESCALA</b> | <b>CATEGORÍA</b> | <b>SITUACIÓN</b> | <b>NIVEL CD</b> |
| SECRETARÍA  | 1             | A1           | Secretaría       | Entrada          | Propiedade       | 28              |
| INTERVENCIÓN  | 1             | A1           | Intervención     | Entrada          | Propiedade       | 28              |
| <b>2.-ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL:</b>                       |               |              |                  |                  |                  |                 |
| <b>DENOMINACIÓN</b>   | <b>PRAZAS</b> | <b>GRUPO</b> | <b>SUBESCALA</b> | <b>SITUACIÓN</b> | <b>NIVEL CD</b>  |                 |
| TÉCNICO<br>ADMÓN. XERAL-<br>TESOUREIRO                          | 1             | A1           | Técnica          | Propiedade       | 28               |                 |
| AUXILIAR<br>ADMINISTRATIVO                                      | 2             | C2           | Auxiliar         | Propiedade       | 16               |                 |
| AUXILIAR<br>ADMINISTRATIVO                                      | 1             | C2           | Auxiliar         | Vacante          | 16               |                 |
| CONSERXE  | 1             | AG<br>PROF.  | Subalterna       | Propiedade       | 12               |                 |
| <b>3.-ESCALA DE ADMINISTRACION ESPECIAL:</b>                    |               |              |                  |                  |                  |                 |
| <b>DENOMINACIÓN</b>   | <b>PRAZAS</b> | <b>GRUPO</b> | <b>SUBESCALA</b> | <b>CLASE</b>     | <b>SITUACIÓN</b> | <b>NIVEL CD</b> |



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)  
C.I.F.: P1501400D

Telefonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
[cabana@concello-cabana.es](mailto:cabana@concello-cabana.es)

|  |   |    |                     |                                       |  |    |
|--|---|----|---------------------|---------------------------------------|--|----|
| TRABALLADORA SOCIAL  | 1 | A2 | Técnica             | Técnico Medio                         | Propiedade. Titular en comisión de servizo | 24 |
| POLICÍA LOCAL  | 1 | C1 | Servicios Especiais | Policía Local                         | Propiedade.                                | 16 |
| <b>PERSOAL LABORAL FIXO</b>  |   |    |                     |                                       |  |    |
| <b>DENOMINACIÓN</b>  |   |    | <b>Nº POSTOS</b>    | <b>TITULACION</b>                     | <b>SITUACIÓN</b>                           |    |
| OPERARIO E CONDUCTOR MAQUINARIA                                    |   |    | 1                   | Certificado escolaridade/ Equivalente | Propiedade                                 |    |
| EDUCADORA FAMILIAR   |   |    | 1                   | Diplomado/ Equivalente                | Propiedade                                 |    |
| TÉCNICO CULTURA OMIX   |   |    | 1                   | Diplomado/ Equivalente                | Propiedade                                 |    |
| AXENTE EMPREGO e DESENVOLVEMENTO LOCAL                             |   |    | 1                   | Licenciado/ Equivalente               | Propiedade                                 |    |
| TÉCNICO BIBLIOTECA   |   |    | 1                   | Diplomado/ Equivalente                | Vacante                                    |    |
| TÉCNICO INFORMÁTICO  |   |    | 1                   | Diplomado/ Equivalente                | Propiedade                                 |    |
| PEÓN SERVIZOS MÚLTIPLES  |   |    | 1                   | Certificado escolaridade/ Equivalente | Vacante                                    |    |
| LIMPIADORA (75% xornada)   |   |    | 1                   | Certificado Escolaridade/ Equivalente | Propiedade                                 |    |
| <b>PERSOAL LABORAL FIXO. PROCESO DE ESTABILIZACIÓN.</b>            |   |    |                     |                                       |  |    |
| <b>PERSOAL LABORAL FIXO. PROCESO DE ESTABILIZACIÓN LEI 20/2021</b> |   |    |                     |                                       |  |    |
| PEÓN SERVIZOS MÚLTIPLES  |   |    | 1                   | Certificado escolaridade/ Equivalente | Vacante. Estabilización Lei 20/2021        |    |
| CONSERXE C. MEDICO NANTÓN  |   |    | 1                   | Certificado escolaridade/ Equivalente | Vacante. Estabilización Lei 20/2021        |    |
| BIBLIOTECARIA  |   |    | 1                   | Diplomatura/ Equivalente              | Vacante. Estabilización Lei 20/2021        |    |
| CONSERXE PTO ATENC. PERSOAS MAIORES (75% xornada)                  |   |    | 1                   | Certificado escolaridade/ Equivalente | Vacante. Estabilización Lei 20/2021        |    |

| <b>FUNCIONARIOS INTERINOS POR PROGRAMA</b>            |                  |                                  |
|---|------------------|----------------------------------|
| <b>DENOMINACIÓN</b>                                   | <b>Nº POSTOS</b> | <b>TITULACIÓN</b>                |
| TRABALLADOR SOCIAL                                    | 1                | Diplomado/<br>Equivalente        |
| <b>PERSOAL LABORAL TEMPORAL</b>                       |                  |                                  |
| <b>DENOMINACIÓN</b>                                   | <b>Nº POSTOS</b> | <b>TITULACIÓN</b>                |
| AUXILIAR POLICIA                                      | 1                | Graduado<br>Escolar/ Equivalente |
| MONITOR TEATRO E COORDINACIÓN<br>ACTIVIDADES CULTURAI | 1                | Diplomatura/ Equival<br>ente     |
| AUXILIAR ADMINISTRATIVO                               | 1                | Graduado<br>Escolar/ Equivalente |

CUARTO.- Aprobar as Bases de Execución de dito Orzamento.

QUINTO.- Aprobar a masa salarial do persoal laboral, que ascende a 321.196,08 €

SEXTO.- Anular a modificación de crédito nº4/2022, mediante transferencia, por considerala incluída nos créditos iniciais do presente orzamento.

SÉTIMO Expoñer ao público mediante anuncio no BOP, de conformidade co disposto no artigo 169.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados pidan examinalo e presentar reclamacións. Se durante dito prazo non se presentaran reclamacións, o Orzamento Municipal considerárase definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e entrará en vigor unha vez publicado o resume por capítulos no Boletín Oficial da Provincia.



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)  
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
[cabana@concello-cabana.es](mailto:cabana@concello-cabana.es)

**Concello de Cabana de Bergantiños**

(ANTEPROYECTO)

Fecha Obtención 02/05/2022

12:15:38

Pág.

1

**PRESUPUESTO DE GASTOS Resumen por Capítulos**

**PRESUPUESTO DE GASTOS 2022**

| Capítulo | Descripción                             | Créditos Iniciales  |
|----------|---|---------------------|
| 1        | GASTOS DE PERSONAL                      | 967.410,19          |
| 2        | GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS | 1.830.740,86        |
| 3        | GASTOS FINANCIEROS                      | 1.000,00            |
| 4        | TRANSFERENCIAS CORRIENTES               | 191.991,88          |
|          | <b>Operaciones Corrientes</b>           | <b>2.991.142,93</b> |
| 6        | INVERSIONES REALES                      | 705.857,07          |
| 8        | ACTIVOS FINANCIEROS                     | 2.000,00            |
|          | <b>Operaciones de Capital</b>           | <b>707.857,07</b>   |
|          | <b>Total general</b>                    | <b>3.699.000,00</b> |

## PRESUPUESTO DE INGRESOS Resumen por Capítulos

## PRESUPUESTO DE INGRESOS 2022

| Capítulo | Descripción                              | Previsiones Iniciales |
|----------|--|-----------------------|
| 1        | IMPUESTOS DIRECTOS                       | 918.487,81            |
| 2        | IMPUESTOS INDIRECTOS                     | 146.815,56            |
| 3        | TASAS, PRECIOS PÚBLICOS Y OTROS INGRESOS | 288.930,45            |
| 4        | TRANSFERENCIAS CORRIENTES                | 1.810.133,90          |
| 5        | INGRESOS PATRIMONIALES                   | 4.940,53              |
|          | <b>Operaciones Corrientes</b>            | <b>3.169.308,25</b>   |
| 6        | ENAJENACIÓN DE INVERSIONES               | 67.064,00             |
| 7        | TRANSFERENCIAS DE CAPITAL                | 251.627,75            |
| 9        | PASIVOS FINANCIEROS                      | 211.000,00            |
|          | <b>Operaciones de Capital</b>            | <b>529.691,75</b>     |
|          | <b>Total general</b>                     | <b>3.699.000,00</b>   |

Juan Ramón Varela pregunta polo capítulo de transferencias de capital.

Alcalde: a de ingresos é do POS e outras administración e o capítulo 4 da Participación de Tributos do Estado.

Juan Ramón: esto é estimado, porque cada a cousa que se fai incrementa o crédito e se fai unha modificación de créditos, non?

Alcalde: esto é estimativo. A liquidación final ronda os 5 millóns de euros. Nós facemos alguna reserva para posibles subvencións.

Juan Ramón: tampouco nos endeudamos.



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)  
C.I.F.: P1501400D

Telefonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
[cabana@concello-cabana.es](mailto:cabana@concello-cabana.es)

Alcalde: están saíndo fondos europeos e fomos a moitas subvencións que non están recollidas. Imos comprar o solo industrial do Picon e para eso necesitamos crédito (211.000 €). Chegamos a un acordó. Tamén queríamos meter a granxa de conexos pero hai problemas no PXOM co POL. Queríamos unir protección civil pola parte de atrás.

Tamén estamos regulando a modificación das Ordenanzas para o Doing bussines.

Son 3 parcelas de 3.000m2 (que é a parcela mínima que esixe o PXOM) e sacaremos a licitación o arrendamento.

Tamén vai unha estimación dun parque eólico e se cae xa eliminamos o crédito.

David Cancela: imos absternos pero seguro que o plantexariamos doutra forma

Perfecto Vázquez: hai moito gasto fijo.

Alcalde: reducimos o gasto de personal e incrementamos o gasto corrente porque actualizamos contratos.

Sometida a proposta a consideración do pleno, este acorda aprobala cos votos a favor dos concelleiros presentes do grupo PP e PSOE e coa abstención do concelleiro do BNG e de UxC.

## **2.- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN DOS BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DA OBRA: “ACONDICIONAMENTO AMBIENTAL E POSTA EN VALOR DO BORDE LITORAL DE CABANA DE BERGANTIÑOS: MONTE SAN SEBASTIÁN-MALECÓN”. DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA E ACORDO INICIAL DE NECESIDADE DE OCUPACIÓN (2022/X999/000237)**

O alcalde le a proposta:

*“Vista a memoria xustificativa asinada pola Alcaldía da necesidade de incoar un expediente expropiatorio onde se xustifica a utilidade pública da mesma, baseándose en razóns de interese público tales como o acondicionamento da zona para a mellora do medio ambiente urbano protexendo e potenciando o patrimonio natural, potenciar o aceso da poboación á cultura, ó coñecemento da flora e da fauna, mellorar espazos dentro do término municipal para a práctica do deporte e a ocupación do tempo de lecer.*

*Vista o proxecto “Acondicionamento ambiental e posta en valor do borde litoral de Cabana de Bergantiños: Monte San Sebastián-Malecón”, redactado polo enxeñeiro Antonio J. Durán Maciñeira, onde se recollen as obras a realizar e a relación individualizada de afectados e intereses.*

*Visto o informe técnico no que se relacionan as parcelas a ocupar pola execución das devanditas obras e se realiza a súa valoración.*

*Visto o informe de Secretaría obrante no expediente.*

*Esta Alcaldía, propón ao Pleno, a adopción do seguinte acordo:*

**PRIMEIRO.** – Aprobado o proxecto da obra denominada Acondicionamento ambiental e posta en valor do borde litoral de Cabana de Monte San Sebastián-Malecón”, recollida no proxecto redactado polo enxeñeiro D. Antonio J. Durán Maciñeira.

**SEGUNDO.**- Declarar a utilidade pública da obra denominada: “Acondicionamento ambiental e posta en valor do borde litoral de Cabana de Bergantiños: Monte San Sebastián-Malecón” recollida no proxecto do mesmo nome redactado polo enxeñeiro D. Antonio J. Durán Maciñeira.

**TERCEIRO.** Aprobar inicialmente a relación, que segue a continuación, que comprende os bens e dereitos, así como os seus titulares, que se consideran de necesaria ocupación para a execución das obras incluídas no proxecto: Acondicionamento ambiental e posta en valor do borde litoral de Cabana de Bergantiños: Monte San Sebastián-Malecón, de conformidade co informe técnico obrante no expediente:

| RELACION DE AFECTADOS |      |       |   |                     |               |
|-----------------------|------|-------|---|---------------------|---------------|
| FINCA                 | POL. | PARC. | TITULARES<br>CATASTRO   | SUPERF.<br>AFECTADA | VALORACION    |
| 1 a 9                 | 28   | 212   | DESCONECIDO   | 485,00 m2           | 809,95 eur.   |
| 10                    | 28   | 188   | PET POSE, MANUEL  | 90,00 m2            | 1.440,00 eur. |
| 11                    | 28   | 95    | HERDS. JUAN<br>GRAIÑO AMARELLE  | 500,00 m2           | 835,00 eur.   |
| 12                    | 28   | 94    | AMEIJENDA<br>SOUTO, MANUEL  | 177,00 m2           | 295,59 eur.   |
| 13                    | 28   | 90    | BELLON CANCELA,<br>MARIA  | 456,00 m2           | 761,52 eur.   |
| 14                    | 28   | 92    | PEREIRA CASTRO,<br>JESUS  | 8,00 m2             | 128,00 eur.   |
| 15                    | 28   | 102   | LOPEZ DE LA OSA<br>VIDAL, M <sup>a</sup> PAZ <b>y</b><br><b>Otros</b> | 84,00 m2            | 1.344,00 eur. |
| 16                    | 28   | 91    | PEREIRA CASTRO,<br>JESUS  | 25,00 m2            | 41,75 eur.    |
| 17                    | 28   | 89    | MATO VAZQUEZ,<br>AURORA   | 67,00 m2            | 111,89 eur.   |
| 18                    | 28   | 88    | PEREZ VAZQUEZ,<br>JOSEFA  | 97,00 m2            | 161,99 eur.   |
| 19                    | 28   | 87    | LOPEZ DE LA OSA<br>VIDAL, M <sup>a</sup> PAZ <b>y</b><br><b>Otros</b> | 231,00 m2           | 385,77 eur.   |
| 20                    | 28   | 86    | REY TOJA, MANUEL  | 92,00 m2            | 153,64 eur.   |
| 21                    | 28   | 85    | HERDS. MERCEDES<br>SUAREZ FONDO                                       | 69,00 m2            | 115,23 eur.   |
| 22                    | 28   | 84    | LEMA PEREZ,<br>CARLOS ANTONIO   | 67,00 m2            | 111,89 eur.   |
| 23                    | 28   | 83    | PEREZ VAZQUEZ,  | 121,00 m2           | 202,07 eur.   |





# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)  
C.I.F.: P1501400D

Telefonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
[cabana@concello-cabana.es](mailto:cabana@concello-cabana.es)

|       |    |     |   |           |             |
|-------|----|-----|---|-----------|-------------|
|       |    |     | JOSEFA  |           |             |
| 24y25 | 28 | 81  | HERDS.<br>MAGDALENA<br>LOPEZ PEREZ                | 227,00 m2 | 379,09 eur. |
| 26    | 28 | 124 | GRAIÑO<br>ORDOÑEZ, MARIA<br>CARMEN <b>y Otros</b> | 65,00 m2  | 108,55 eur. |
| 27    | 28 | 123 | GRAIÑO<br>ORDOÑEZ, MARIA<br>CARMEN <b>y Otros</b> | 255,00 m2 | 425,85 eur. |
| 28    | 28 | 122 | ALBORJA VERDES,<br>CALIXTO MANUEL                 | 116,00 m2 | 193,72 eur. |
| 29    | 28 | 121 | PEREIRA CASTRO,<br>JOSE                           | 53,00 m2  | 88,51 eur.  |
| 30    | 28 | 120 | PET POSE, MANUEL                                  | 32,00 m2  | 53,44 eur.  |
| 31    | 28 | 76  | SOUTO ARIJON,<br>MARIA                            | 39,00 m2  | 65,13 eur.  |
| 32    | 28 | 74  | BELLON CANCELA,<br>MARIA ERSILITA                 | 121,00 m2 | 202,07 eur. |
| 33    | 28 | 115 | PEREZ VAZQUEZ,<br>JOSEFA                          | 152,00 m2 | 253,84 eur. |
| 34    | 28 | 112 | BELLON CANCELA,<br>MARIA ERSILITA                 | 48,00 m2  | 80,16 eur.  |
| 35    | 28 | 72  | HEREDEROS: LEMA<br>PAILOS, RAMIRO                 | 73,00 m2  | 121,91 eur. |
| 36    | 28 | 108 | HEREDEROS:<br>FONDO FONDO,<br>ESTEBAN             | 150,00 m2 | 250,50 eur. |
| 37    | 28 | 107 | FONDO CAMBON,<br>MARIA<br>CONCEPCION              | 40,00 m2  | 66,80 eur.  |
| 38    | 28 | 106 | HEREDEROS:<br>MOREIRA GOMEZ,<br>RAMON             | 102,00 m2 | 170,34 eur. |
| 39    | 28 | 70  | BELLON CANCELA,<br>MARIA ERSILITA                 | 288,00 m2 | 480,96 eur. |

|    |    |     |   |                |               |
|----|----|-----|---|----------------|---------------|
| 40 | 28 | 69  | PET POSE, MANUEL  | 77,00 m2       | 128,59 eur.   |
| 41 | 28 | 105 | AMARELLE<br>ALVAREZ, BENITO   | 199,00 m2      | 332,33 eur.   |
| 42 | 28 | 67  | HEREDEROS:<br>SOUTO AMARELLE<br>BASILISA  | 180,00 m2      | 300,60 eur.   |
| 43 | 28 | 68  | BARREIRA LEMA,<br>HERMOSINDA  | 177,00 m2      | 295,59 eur.   |
| 44 | 28 | 65  | BLANCO NANTON,<br>JOSE  | 273,00 m2      | 455,91 eur.   |
| 45 | 28 | 61  | BLANCO NANTON,<br>JOSE  | 37,00 m2       | 61,79 eur.    |
| 46 | 28 | 56  | HEREDEROS:<br>ORDOÑEZ LEMA, M<br>CARMEN   | 23,00 m2       | 38,41 eur.    |
| 47 | 27 | 17  | HEREDEROS:<br>VALDES PARGA<br>JAIME JOAQUIN<br>RODRIGUEZ<br>VALDES, JAIME<br>MANUEL | 88,00 m2       | 146,96 eur.   |
| 48 | 28 | 54  | HEREDEROS:<br>VALDES PARGA<br>JAIME JOAQUIN   | 1.830,00<br>m2 | 3.056,10 eur. |
| 49 | 28 | 26  | HEREDEROS:<br>VALDES PARGA<br>JAIME JOAQUIN<br>RODRIGUEZ<br>VALDES, JAIME<br>MANUEL | 182,00 m2      | 303,94 eur.   |
| 50 | 28 | 53  | AMARELLE<br>ALVAREZ, BENITO   | 8,00 m2        | 13,36 eur.    |
| 51 | 28 | 25  | SOUTO COSTA,<br>MERCEDES  | 323,00 m2      | 539,41 eur.   |
| 52 | 28 | 24  | VARELA<br>FIGUEIRAS,<br>DOLORES   | 41,00 m2       | 68,47 eur.    |
| 53 | 28 | 23  | VARELA EIROA,<br>MARIA ISABEL   | 93,00 m2       | 155,31 eur.   |



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)  
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
[cabana@concello-cabana.es](mailto:cabana@concello-cabana.es)

|    |    |    |   |           |             |
|----|----|----|---|-----------|-------------|
| 54 | 28 | 22 | MOREIRA EIROA,<br>ISABEL                          | 41,00 m2  | 68,47 eur.  |
| 55 | 28 | 21 | VAZQUEZ<br>ESPASANDIN,<br>AMADORA                 | 41,00 m2  | 68,47 eur.  |
| 56 | 28 | 20 | EIROA VERDES,<br>JOSE                             | 17,00 m2  | 28,39 eur.  |
| 58 | 28 | 18 | VAZQUEZ<br>ESPASANDIN,<br>AMADORA                 | 18,00 m2  | 30,06 eur.  |
| 59 | 28 | 17 | LEMA REINO,<br>MARIA AMELIA                       | 51,00 m2  | 85,17 eur.  |
| 60 | 28 | 16 | VAZQUEZ<br>AMARELLE, JOSE<br>ANTONIO              | 48,00 m2  | 80,16 eur.  |
| 61 | 28 | 15 | MATO FERREIRO,<br>CARMEN                          | 38,00 m2  | 63,46 eur.  |
| 62 | 28 | 14 | MOURELLE<br>MOSQUEIRA<br>JOSEFA                   | 60,00 m2  | 100,20 eur. |
| 63 | 28 | 13 | VAZQUEZ<br>ESPASANDIN,<br>AMADORA                 | 275,00 m2 | 459,25 eur. |
| 64 | 28 | 12 | MATO BERMUDEZ,<br>JOSE MARIA                      | 19,00 m2  | 31,73 eur.  |
| 65 | 28 | 11 | TOJA GARCIA,<br>JESUS                             | 19,00 m2  | 31,73 eur.  |
| 84 | 28 | 36 | SOUTO COUSILLAS,<br>CELIA<br>MATO BLANCO,<br>JOSE | 134,00 m2 | 223,78 eur. |
| 85 | 28 | 38 | HEREDEROS:<br>EIROA VILLAR,<br>MERCEDES           | 118,00 m2 | 197,06 eur. |
| 86 | 28 | 39 | HEREDEROS:<br>FONDO MOURIN,                       | 92,00 m2  | 153,64 eur. |

|  |  |  |           |               |                                  |
|--|--|--|-----------|---------------|----------------------------------|
|  |  |  | MAGDALENA |               |                                  |
|  |  |  |           |               |                                  |
|  |  |  |           | <b>TOTAL:</b> | <b>17.402,59</b><br><b>euros</b> |

TITULARES CATASTRALES PARCELA 15:

**MARIA JESUS GUTIERREZ DE CAMARA ARA, , MARIA PAZ LOPEZ DE LA OSA VIDAL, , FEDERICO BAEZA LOPEZ DE LA OSA MARIA PAZ BAEZA LOPEZ DE LA OSA BEATRIZ BAEZA LOPEZ DE LA OSA, ELENA BAEZA LOPEZ DE LA OSA P, BLANCA LOPEZ DE LA OSA GUTIERREZ DE LA CAMARA, SANTIAGO LOPEZ DE LA OSA GUTIERREZ DE LA CAMARA JAVIER LOPEZ DE LA OSA GUTIERREZ DE LA CAMARA**

TITULARES CATASTRALES PARCELA 19:

**MARIA JESUS GUTIERREZ DE CAMARA ARA, , MARIA PAZ LOPEZ DE LA OSA VIDAL, , FEDERICO BAEZA LOPEZ DE LA OSA, BEATRIZ BAEZA LOPEZ DE LA OSA, , ELENA BAEZA LOPEZ DE LA OSA, BLANCA LOPEZ DE LA OSA GUTIERREZ DE LA CAMARA, , SANTIAGO LOPEZ DE LA OSA GUTIERREZ DE LA CAMARA, , JAVIER LOPEZ DE LA OSA GUTIERREZ DE LA CAMARA,**

TITULARES CATASTRALES PARCELA 26:

**MARIA DEL CARMEN GRAIÑO ORDOÑEZ, , MARIA DOLORES GRAIÑO ORDOÑEZ, , MARIA FRANCISCA GRAIÑO ORDOÑEZ, : MARIA MERCEDES GRAIÑO ORDOÑEZ, JUAN MARIA GRAIÑO ORDOÑEZ, JOSE MARIA GRAIÑO ORDOÑEZ, MARIA MAR GRAIÑO ORDOÑEZ, , DOMINGO MARIA GRAIÑO ORDOÑEZ, , ANA MARIA GRAIÑO ORDOÑEZ, , MARIA INMACULADA GRAIÑO ORDOÑEZ, AGUSTIN GRAIÑO RILO, , MARTA GRAIÑO COUSILLAS,**

TITULARES CATASTRALES PARCELA 27:

**MARIA DEL CARMEN GRAIÑO ORDOÑEZ, , MARIA DOLORES GRAIÑO ORDOÑEZ, , MARIA FRANCISCA GRAIÑO ORDOÑEZ, MARIA MERCEDES GRAIÑO ORDOÑEZ, , JUAN MARIA GRAIÑO ORDOÑEZ, , JOSE MARIA GRAIÑO ORDOÑEZ, MARIA MAR GRAIÑO ORDOÑEZ, , DOMINGO MARIA GRAIÑO ORDOÑEZ, , ANA MARIA GRAIÑO ORDOÑEZ, MARIA INMACULADA GRAIÑO ORDOÑEZ,, AGUSTIN GRAIÑO RILO, MARTA GRAIÑO COUSILLAS, , MARIA OLGA COUSILLAS MONTANS,**

**CUARTO.** Someter a información pública a relación dos bens e dereitos de necesaria ocupación insertando os correspondentes anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello así como nun dos xornais de maior circulación da provincia, durante un prazo de vinte días, contados a partir da última das publicacións referidas, co obxecto de que os interesados poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e o seu estado material ou legal.



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)  
C.I.F.: P1501400D

Telefonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
[cabana@concello-cabana.es](mailto:cabana@concello-cabana.es)

*Para estes efectos o expediente estará exposto no Concello (Departamento de urbanismo), sito no lugar de A Carballa- Cesullas, s/n Cabana de Bergantiños.*

**QUINTO.** *Notificar este acordo, de forma individual, a cada un dos interesados.*

**SEXTO.** *Publicar este acordo para que, de conformidade coa normativa vixente, serva de notificación aos interesados que resulten descoñecidos, se ignore o lugar para a práctica da notificación, ou ben porque intentada a notificación non se puido efectuar.”*

Alcalde: hai moitos fondos europeos e imos empezar o proxecto de expropiación para ter os terreos listos. España non vai dar gastado os fondos disponibles da UE e costa exige ter os terreos disponibles. Costa un millón de euros o que queda por facer.

Expropiamos porque así quedan os terreos vinculados. Imos a ter en conta os titulares catastrais e se non teñen ben a documentación se consigna.

O trame é dende o monte San Sebastián ata a ponte de Ponteceso. A madeira é moi cara. Tamén agora mesmo os prezos son impredecibles. Son 2.5 km.

David Cancela: creo que hai un erro na finca 10. ¿Cando empezarian as obras?

Alcalde: no que se vai iniciar agora a primeira empresa incorreu en oferta temeraria (Eulen).

Sometida a proposta a consideración do pleno, este acorda aprobala por unanimidade.

### **3.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DOS CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN, NORMAS DE FUNCIONAMENTO E UTILIZACIÓN DAS VIVENDAS SOCIAIS DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS (2022/G013/000001)**

O alcalde le a proposta:

*“O Concello de Cabana de Bergantiños ten á súa disposición seis vivendas que están situadas neste termo municipal para ser destinadas a ocupación temporal social co fin de asegurarlles unhas condicións dignas de vivenda a aquelas persoas que se atopan nunha situación económica na que contan con recursos insuficientes para acceder ao mercado de vivendas en ocupación temporal.*

*Así, resulta necesario regular as condicións, os requisitos de acceso, o procedemento de adjudicación e o réxime de uso das vivendas que o Concello de Cabana de Bergantiños dispón para atender á necesidade social das familias que requiren dunha vivenda en condicións de renda axeitada.*

*En vista da tramitación levada a cabo, visto o informe de Secretaría, **PROPOÑO AO PLENO:***

**Primeiro:** *aprobar inicialmente a ORDENANZA REGULADORA DOS CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN, NORMAS DE FUNCIONAMENTO E UTILIZACIÓN DAS VIVENDAS SOCIAIS DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS que figura anexo a esta proposta.*

**Segundo:** *someter a Ordenanza citada a un periodo de información pública e audiencia os interesados, publicándose no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no prazo citado, considerase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.”*

David Cancela: hai algún interesado?

Alcalde: hai 12 solicitudes. Cando se fixeron as vivendas o IGVS nos obrigou a mandar os demandantes e había 12. Ese convenio expirou.

David: están habitables?

Alcalde: ímolas ver cando queiras. Son pequenas pero cuquiñas. O sitio é fenomenal ao lado do cole, centro médico. Se vedes calquera cousa, decídeo.

Juan Ramón: quen vai valorar quen entra?

Alcalde: os servizos sociais.

Sometida a proposta a consideración do pleno, este acorda aprobala coa abstención do concelleiro de UxC e co voto a favor dos restantes concelleiros presentes.

#### **4.-APROBACION DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE VIVENDAS SOCIAIS (2022/G015/000002)**

O alcalde le a proposta:

O Concello de Cabana de Bergantiños está a tramitar a oportuna normativa municipal que regulará o réxime das “vivendas sociais”. A dita normativa recolle, entre outras determinacións, a esixencia dunha taxa pola utilización das vivendas municipais que se destinen aos fins de índole público-social alí previstos.

No marco xurídico das facendas locais, a regulamentación dunha contraprestación económica desa natureza debe revestir, necesariamente, a forma de ordenanza fiscal e, por ser especial o seu procedemento de aprobación, tramitarse por separado.

O obxectivo perseguido con esta nova taxa municipal non pode ser o de rentabilizar economicamente as vivendas para contar cun recurso financeiro máis. Pola contra, trátase, en consonancia con aquel cualificativo, de establecer un “prezo de equidade”, de xustiza social.

Visto o Informe conxunto emitido por Secretaría e Intervención que consta no expediente.

Á vista de todo o exposto, elévase ao Concello Pleno, previo ditame da Comisión Informativa correspondente, a seguinte,

#### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Aprobar provisionalmente a Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa pola utilización das vivendas sociais, co seguinte texto:

#### **“PREÁMBULO**

*I*



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)  
C.I.F.: P1501400D

Telefonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
[cabana@concello-cabana.es](mailto:cabana@concello-cabana.es)

*O Concello de Cabana de Bergantiños está a tramitar a oportuna normativa municipal que regulará o réxime das “vivendas sociais”. A dita normativa recolle, entre outras determinacións, a esixencia dunha taxa pola utilización das vivendas municipais que se destinen aos fins de índole público-social alí previstos.*

*No marco xurídico das facendas locais, a regulamentación dunha contraprestación económica desa natureza debe revestir, necesariamente, a forma de ordenanza fiscal e, por ser especial o seu procedemento de aprobación, tramitarse por separado.*

*O obxectivo perseguido con esta nova taxa municipal non pode ser o de rentabilizar economicamente as vivendas para contar cun recurso financeiro máis. Pola contra, trátase, en consonancia con aquel cualificativo, de establecer un “prezo de equidade”, de xustiza social, accesible para unhas persoas que, en definitiva, se atopan nunhas circunstancias sociais e económicas adversas.*

## II

*O artigo 57 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais permítelles aos concellos establecer e esixir taxas pola prestación de servizos ou a realización de actividades da súa competencia e pola utilización privativa ou o aproveitamento especial dos bens do dominio público local ao abeiro das normas contidas nos artigos 20 a 27 deste texto.*

*Non obstante, cómpre destacar que, polo que respecta á contía, a ordenanza, como se apuntaba antes, desbota a aplicación da regra “valor de mercado da utilidade derivada da utilización dos bens” que, para a taxa da clase que aquí se trata, establece a letra a) do artigo 24.1 do dito texto refundido, e acóllese á de capacidade económica das persoas que deberán satisfacela prevista no número 4 do mesmo artigo.*

## III

*A ordenanza desenvólvese en 10 artigos e unha disposición final, que recollen o contido necesario (feito imponible, suxeito pasivo, cota, período impositivo, devindicación, etc) e o facultativo (normas de xestión) que para as ordenanzas fiscais de tributos voluntarios municipais dispón o artigo 16.1 do dito texto refundido da Lei das facendas locais.*

### Artigo 1. Fundamento legal

*Este Concello, ao abeiro do artigo 106.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e en uso da facultade prevista no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establece unha taxa pola utilización das vivendas sociais.*

## *Artigo 2. Normas aplicables*

*A taxa esixirase segundo o disposto nesta ordenanza, no Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei xeral tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, xunto cas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.*

*O réxime das vivendas que dá lugar á esixencia da taxa é o establecido na Ordenanza reguladora dos criterios de adxudicación, normas de funcionamento e utilización das vivendas sociais do Concello de Cabana de Bergantiños.*

## *Artigo 3. Feito imponible*

*O presuposto de feito da taxa constitúeo o uso, durante o tempo que determine o acordo municipal, das vivendas sociais das que dispón o Concello de Cabana de Bergantiños.*

## *Artigo 4. Suxeitos pasivos e responsables*

*1. Serán suxeitos pasivos da taxa quen resulte adxudicatario dunha vivenda social e subscriba o documento de formalización da ocupación temporal que determina a Ordenanza reguladora dos criterios de adxudicación, normas de funcionamento e utilización das vivendas sociais do Concello de Cabana de Bergantiños.*

*2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria que lle corresponda satisfacer ao suxeito pasivo todas as persoas que formen parte da unidade familiar que utilice a vivenda.*

## *Artigo 5. Período impositivo e devindicación*

*1. O período impositivo coincidirá co mes natural, agás o de comezo, que comprenderá os días que resten dende a subscrición do documento de formalización da ocupación temporal, ata o final do mes en curso, e nos casos de cesamento que non sexa por vontade do ocupante, que comprenderá os transcorridos ata o desaloxo efectivo da vivenda.*

*2. A taxa devindicarase o primeiro día de cada período impositivo que teña lugar durante o tempo de ocupación temporal autorizado.*

## *Artigo 6. Cota tributaria*

*1. A cota tributaria a satisfacer polos suxeitos pasivos será unha cota fixa mensual de 60,00 € euros.*





# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)  
C.I.F.: P1501400D

Telefonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
[cabana@concello-cabana.es](mailto:cabana@concello-cabana.es)

*2. A cota ratearase por días naturais no mes de comezo da ocupación temporal; no caso de cesamento ou extinción da ocupación temporal, que non sexa por vontade do suxeito pasivo éste, terá dereito á devolución dos ingresos que correspondan aos días que resten ata o final do mes no que se produza o desaloxo total da vivenda.*

## *Artigo 7. Réxime de ingreso*

*A taxa que corresponda ao mes de comezo deberá ingresarse con carácter previo á subscrición do documento de formalización da ocupación temporal.*

*Ao respecto destas mensualidades sucesivas, o pagamento poderá efectuarse por domiciliación bancaria, para o que o suxeito pasivo autorizará á Tesourería municipal o oportuno mandato de cargo na conta da súa titularidade.*

## *Artigo 8. Responsabilidade por danos e obriga de fianza*

*1. A persoa adxudicataria, e solidariamente todas as que formen parte da unidade familiar beneficiaria, responderán dos danos que se produzan na vivenda e no seu equipamento e, se é o caso, no mobiliario e útiles facilitados con esta.*

*2. En ningún caso se esixirá fianza.*

## *Artigo 9. Normas de xestión, liquidación e recadación*

*1. O acordo municipal de adxudicación determinará o prazo de ocupación temporal e a cota mensual.*

*2. Na notificación do acordo á persoa adxudicataria incluírase a información relativa ao importe da taxa que ten que pagar correspondente ca mensuralidade en curso.*

*3. Logo de producirse a formalización da adxudicación, os Servizos Sociais municipais comunicaranlles aos servizos de xestión tributaria os datos da persoa adxudicataria e a localización. Igualmente comunicarán oportunamente os cesamentos, calquera que sexa a súa causa, así como as modificacións que afecten a unha ocupación temporal autorizada e sexan relevantes para a exacción da taxa.*

*4. Ao comezo de cada mes, cos datos facilitados ata ese intre, a xestión tributaria formará, en rexistros informáticos de xestión, os recibos mensuais ao cobro da taxa e, logo da súa aprobación pola Alcaldía, quedarán a cargo da Tesourería municipal para a súa recadación.*

5. Sen prexuízo da facultade de revogar a ocupación temporal, a falta de pagamento da taxa unha vez transcorrido o prazo en voluntaria desta ordenanza determinará o comezo do período executivo de cobro e a devindicación e esixencia das recargas regulamentarias dese período.

6. O cobro forzoso das taxas que se deben e, se é o caso, das indemnizacións polos danos e demais conceptos que sexan esixibles de acordo coa Ordenanza reguladora do réxime das vivendas, efectuarase pola vía administrativa de prema.

#### *Artigo 10. Infraccións e sancións*

*No relativo ás infraccións tributarias, para a súa cualificación e a sanción que lles correspondan, aterase ao disposto na Lei xeral tributaria e demais disposicións que sexan de aplicación.*

#### *Disposición final*

*A presente Ordenanza Fiscal, aprobada polo Pleno deste Concello en sesión celebrada o 12 de maio de 2022, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación dende dita data, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”*

**SEGUNDO.**- *A publicación do acordo que se adopte no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal, ao obxecto de que durante o prazo de 30 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao de publicación no Boletín Oficial, os cidadáns poidan presentar as reclamacións e/ou suxerencias que consideren oportunas (art. 17 TRLRFL).*

**TERCEIRO.**- *No suposto de que non se presenten reclamacións contra o mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do TRLRFL.*

**CUARTO.**- *O acordo definitivo, ou o provisional elevado automaticamente a definitivo e o texto íntegro da ordenanza fiscal publicarase no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor en tanto non teña lugar dita publicación.”*

David Cancela: as mensualidades páganas ao concello?

Alcalde: si, é unha taxa. O mantemento é deles.

David: son 60 para todos? Vin tres tipos.

Patricia: é un informe que se fixo para o valor de mercado. Rebaixouse por razón sociais. Son vivendas iguais.

David: quedan moitas vivendas?

Alcalde: no, son as últimas.

Sometida a proposta a consideración do pleno, este acorda aprobala por unanimidade.



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)  
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
[cabana@concello-cabana.es](mailto:cabana@concello-cabana.es)

---

**E non habendo máis asuntos que tratar, o alcalde dá por rematada a sesión sendo as 20:48 horas, da que se estende a presente acta de tódolos asuntos debatidos e aprobados, do que eu, secretaria, dou fe e certifico.**

A Secretaria. Marta Vázquez Garea.

O Alcalde. José Muíño Domínguez.

*Documento asinado dixitalmente*